CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Mª LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, A CORUÑA

CERTIFICO: Que o pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

2º.- CREACIÓN/CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Visto que o art. 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que nos Concello de máis de cinco mil habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e dos/as Concelleiros/as que ostenten delegación, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao pleno.

Visto que o devandito artigo establece ademais que todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de Concelleiros/as pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros/as que teñan no Pleno.

Visto que o art. 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia ven reproducir basicamente o contido do artigo antes citado, ao igual que os arts. 123 e ss do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto que o art. 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que a Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios de acordo coa estrutura prevista no art. 116 da mesma norma.

Visto que os arts. 59, 66 e 67 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia reproducen basicamente o contido dos artigos antes citados ao igual que o art. 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando, pois, o establecido nos arts. 20 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; nos arts. 59, 66, 67 e 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 123 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, proponse a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro: Crear unha comisión informativa permanente coa seguinte denominación, ámbito competencial, composición e réxime de funcionamento:

1.- Denominación: Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

2.- Ámbito competencial: A Comisión Informativa de Asuntos Xerais exercerá as competencias nas materias que non foran/sexan expresamente atribuídas á Comisión Especial de Contas.

3.- Composición. A Comisión Informativa de Asuntos Xerais quedará integrada por

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

CVD: tP03DqwelS8fs+siMYqU
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

sete membros, distribuíndose ditos postos de forma proporcional entre os tres grupos políticos da Corporación e o grupo mixto, en virtude do cal correspóndenlle ao grupo político "Partido Popular de Malpica" tres postos (3 postos); ao grupo político "PSOE Malpica" dous postos (2 postos); ao grupo político "Bloque Nacionalista Galego Malpica de Bergantiños" un posto (1 posto) e ao grupo mixto-AIM un posto (1 posto).

A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro/a do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

O Alcalde é o Presidente nato da Comisión, sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

4.- Réxime de funcionamento da Comisión. A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrará sesión ordinaria con carácter bimestral, cando proceda a súa celebración, nos meses impares do ano, no día e hora que estableza a Alcaldía, en uso das facultades atribuídas polo art. 134 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Segundo: Constituír a Comisión Especial de Contas, ao abeiro dos arts. 20 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e art. 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

1.- Ámbito competencial: O atribuído polos artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; art. 67 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o art. 127.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así mesmo, actuará como Comisión Informativa de carácter permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade, ao abeiro do art. 127.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

2.- Composición: A Comisión Especial de Contas quedará integrada por sete membros, distribuíndose ditos postos de forma proporcional entre os tres grupos políticos da Corporación e o grupo mixto, en virtude do cal correspóndenlle ao grupo político "Partido Popular de Malpica" tres postos (3 postos); ao grupo político "PSOE Malpica" dous postos (2 postos); ao grupo político "Bloque Nacionalista Galego Malpica de Bergantiños" un posto (1 posto) e ao grupo mixto-AIM un posto (1 posto).

A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro/a do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

O Alcalde é o Presidente nato da Comisión, sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

3.- Réxime de funcionamento: A Comisión Especial de Contas celebrará sesión ordinaria con carácter bimestral, cando proceda a súa celebración, nos meses impares do ano, no día e hora que estableza a Alcaldía, de conformidade co previsto nos arts. 127 e

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

CVD: tP03DqwelS8fs+siMYqU
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

134 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así mesmo, serán sesións ordinarias aquelas que se celebren dentro dos prazos establecidos pola normativa de facendas e réxime local no relativo á Conta Xeral e contas anuais do Concello.

Terceiro: Este acordo terá efectos inmediatos desde a súa adopción polo Pleno, as correspondentes sesións constitutivas deberán celebrarse no prazo de dous meses a contar desde a data antes sinalada.

E para que así conste, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e en cumprimento do establecido no art. 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, advirto que a acta que o contén non foi aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da aprobación da mesma, en Malpica de Bergantiños asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Vº e Prace,
O alcalde,

A secretaria,

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga

Asd.: Mª Loreto López Fernández

CVD: tP03DqwelS8fs+siMYqU
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Mª LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, A CORUÑA

CERTIFICO: Que o Sr. alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños, con data 18/07/2023 , ditou a seguinte Resolución 430/2023 que literalmente se transcribe:

"**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

ASUNTO: FIXACIÓN DO DÍA E HORA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

EXPEDIENTE: 2023/X999/000250

Visto o establecido nos artigos 125 e 134 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o acordo adoptado polo pleno, en sesión extraordinaria de data 13/07/2023, en relación á creación/constitución da Comisión Informativa de Asuntos Xerais e Comisión Especial de Contas e fixación da periodicidade das sesións ordinarias de ditos órganos colexiados, é polo que en uso das facultades/atribucións que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro: Que as sesións ordinarias da Comisión Informativa de Asuntos Xerais teñan lugar ás trece horas (13:00 horas) do venres da semana anterior á celebración do pleno ordinario.

Segundo: Que as sesións ordinarias da Comisión Especial de Contas teñan lugar os seguintes días e nas seguintes horas:

No relativo a Conta Xeral e contas anuais do Concello, cando se celebren dentro dos prazos legalmente establecidos pola normativa de facendas e réxime local, ás trece trinta horas (13:30 horas).

Como Comisión Informativa de carácter permanente para os asuntos relativos á economía e facenda, ás trece trinta horas (13:30 horas) do venres da semana anterior á celebración do pleno ordinario.

Terceiro: Que a celebración das mesmas poda adiantarse ou atrasarse ao día hábil laborable anterior ou posterior no caso de que o día da celebración (venres) coincida cun día inhábil ou non laborable, podendo variarse neste caso a hora da celebración.

Cuarto: Dar conta da presente na sesión constitutiva dos referidos órganos e ao Pleno da Corporación.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo). "

E para que así conste expido o presente de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, en Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe pola secretaria, Mª Loreto López Fernández e o Sr. Alcalde, D. Eduardo J. Parga Veiga.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

CVD: G2UXg18IcfizwpzGybvE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Composición/membros da comisión especial de contas

Titular: Eduardo José Parga Veiga Suplente: María Soledad Blanco Gorín **Titular: Miguel Ángel Fernández Mirás** Suplente: Noelia Freijeiro Novo **Titular: Luis Miguel Fernández García** Suplente: Rodrigo Mato Garrido	**Grupo Político do Partido Popular de Malpica**
Titular: Walter Pardo Añón Suplente: Sergio Manuel García Villar **Titular: María Manuela Álvarez Rey** Suplente: Sergio Manuel García Villar	**Grupo político do PSOE Malpica**
Titular: Miguel Platas Rodríguez Suplente: Miguel Ángel Varela Varela	**Grupo político do Bloque Nacionalista Galego (BNG) Malpica de Bergantiños**
Titular: Alfredo Cañizo Garrido	**Grupo Mixto - AIM**

Composición/membros da comisión informativa de asuntos xerais

Titular: Eduardo José Parga Veiga Suplente: María Soledad Blanco Gorín **Titular: Miguel Ángel Fernández Mirás** Suplente: Noelia Freijeiro Novo **Titular: Rodrigo Mato Garrido** Suplente: Luis Miguel Fernández García	**Grupo Político do Partido Popular de Malpica**
Titular: Walter Pardo Añón Suplente: José Ángel Garrido Suárez **Titular: Sergio Manuel García Villar** Suplente: María Manuela Álvarez Rey	**Grupo político do PSOE Malpica**
Titular: Miguel Ángel Varela Varela Suplente: Miguel Platas Rodríguez	**Grupo político do Bloque Nacionalista Galego (BNG) Malpica de Bergantiños**
Titular: Alfredo Cañizo Garrido	**Grupo Mixto - AIM**